

# MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. MATANZAS DOMICILIARIAS. EUTANASIA





# **MANUAL DE FORMACIÓN DE BENESTAR ANIMAL. PREGUNTAS. MATANZAS DOMICILIARIAS. EUTANASIA**

XUNTA DE GALICIA  
Consellería do Medio Rural e do Mar  
Santiago de Compostela  
2014

**Coordinación:**

Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez  
José Luis Puerta Villegas  
Isabel Blanco Penedo  
Mercedes Camiña García  
María del Mar Yllera Fernández

**Autores:**

Ángeles Moreno Grande (ACRUGA-España)  
José Luis Puerta Villegas (XUGA-España)  
Jesús Juan Cantalapiedra Álvarez (XUGA-España)  
María del Mar Yllera Fernández (USC-España)  
Isabel Blanco Penedo (IRTA-España)  
Mercedes Camiña García (USC-España)  
José Pedro Araújo (IPVC-Portugal)  
Joaquim Lima Cerqueira (IPVC-Portugal)  
Julia Melgar Riol (USC-España)  
Marcos Pérez López (UEX-España)  
Julio Gómez Fernández (USC- España)

**Edita:** Xunta de Galicia. Consellería do Medio Rural e do Mar

**Ano:** 2014

## MATANZAS. EUTANASIA DOS ANIMAIS DOMÉSTICOS.

1. Os regulamentos(CE) 852 e 853 do ano 2003 son normas de:

- a. Benestar animal
- b. De hixiene (paquete de hixiene)
- c. De control de praguicidas
- d. Todas as respostas son correctas.

2. A actual norma española de referencia do BA durante o sacrificio é o:

- a. RD 37/2014
- b. RD 64/1995
- c. RD 74/1995
- d. RD 84/2001

3. Todo proceso inducido deliberadamente que cause a morte dun animal denomínase:

- a. Atordamento
- b. Sacrificio
- c. Matanza
- d. Suxeición.

4. Prohíbense nos porcinos como noutras especies como método de suxeición:

- a. Atar mecanicamente os pezuños
- b. Utilizar corrente eléctrica sen que provoque o atordamento
- c. Arrastrar os animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**5. Deberase considerar ao introducir un animal novo na explotación:**

- a. Os controis sanitarios
- b. A hixiene de utensilios, persoal e instalacións
- c. A formación do persoal
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**6. Son obxectivos do BA á hora de practicar unha matanza domiciliaria:**

- a. Diminuír o estrés
- b. Mellorar a calidade da carne
- c. Previr os riscos laborais dos operarios
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**7. Débese evitar durante o sacrificio:**

- a. Olores fortes
- b. Sons e cores rechamantes
- c. Todo o que o animal perciba como sinais de ameaza e perigo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**8. O gando porcino é de:**

- a. Constitución muscular pero non atlética
- b. Con membros fráxiles
- c. Dóciles e de doada aprendizaxe
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**9. Para un correcto manexo do gando porcino terase en conta que:**

- a. Son nerviosos, curiosos e desconfiados
- b. Adoitan desprazarse en liña recta
- c. Teñen agudeza visual binocular
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**10. O principio básico do BA no manexo do gando porcino é:**

- a. Ocuparlles as zonas de fuga e o punto de balance
- b. Evitar a súa excitación
- c. Separalos do grupo bruscamente
- d. Berrarlles e ser rudo con eles.

**11. Recoméndase un xaxún no gando porcino previo ao sacrificio de:**

- a. Polo menos 22 horas
- b. Polo menos 24 horas
- c. Polo menos 12 horas
- d. Polo menos 48 horas.

**12. Para evitar o estrés por calor recoméndase:**

- a. As duchas unicamente
- b. As duchas e mangueiras de auga
- c. Xeo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**13. Para a conducción do gando porcino pódense utilizar:**

- a. Paneis
- b. Bandeiras
- c. Picas eléctricas en animais novos
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**14. Á hora de suxeitar e manexar o gando porcino deberase ter en conta que:**

- a. Son obstinados
- b. Non soportan o manexo rudo
- c. É doado conducilos mesturándoos con outras especies
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**15. Os aparellos de atordamento eléctrico pódense utilizar para:**

- a. Suxeitar o animal
- b. Inmobilizar o animal
- c. Mover os animais
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

**16. Entre os diferentes tipos de atordamento está:**

- a. O atordamento simple
- b. O atordamento irreversible
- c. Son correctas as repostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores.

**17. Pódense utilizar como métodos de atordamento para o gando porcino:**

- a. Métodos mecánicos
- b. Métodos eléctricos
- c. Gas
- d. Todas as respostas son correctas.

**18. O desangrado posterior ao atordamento:**

- a. Provoca perda de osíxeno no cerebro
- b. Provoca anoxia cerebral e posteriormente parada cardiorespiratoria
- c. Deberase facer co animal insensibilizado
- d. Todas as respostas son correctas.

**19. A pistola de caravilla perforadora cativa penetrante:**

- a. Provoca conmoción e incremento da presión intracraneal
- b. Lesiona o cerebro
- c. Penetra o cranio
- d. Todas as respostas son correctas.

**20. O disparo da pistola de caravilla perforadora cativa penetrante:**

- a. Pode provocar hemorraxias no morro, fociños e orellas
- b. Causará dor
- c. Provoca insensibilidade en menos de 2 milisegundos
- d. Todas as respostas son correctas.

**21. Na utilización da pistola de caravilla perforadora cativa penetrante terase en conta:**

- a. Aplicar a pistola no punto e ángulo correctos
- b. O tamaño das cavidades dos seos craniais
- c. A potencia do cartucho
- d. Todas as respostas son correctas.

**22. Son fallos frecuentes na utilización da pistola de caravilla perforadora cativa:**

- a. Problemas dos percutores e humidade dos cartuchos
- b. Sucidade dos gatillos
- c. Son correctas as respostas anteriores
- d. Son incorrectas as respostas anteriores.

**23. O parámetro máis importante no atordamento eléctrico é:**

- a. A voltaxe
- b. A intensidade (amperaxe)
- c. A luminosidade
- d. O peso do animal.

**24. Son indicadores dun atordamento eléctrico eficaz:**

- a. A respiración arritmica
- b. O pestanexo e a salivación
- c. O pateo incontrolado
- d. Todas as respostas son correctas.

**25. No caso do atordamento nas matanzas domiciliarias deberase controlar:**

- a. A amperaxe do sistema e o tempo de aplicación
- b. O punto correcto de aplicación
- c. Un método complementario de atordamento (caravilla perforadora, etc.)
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

**26. A corrente mínima establecida para o atordamento do gando porcino é:**

- a. 2,20 amperios
- b. 4,20 amperios
- c. 1,30 amperios
- d. 2,50 amperios.

**27. Os dispositivos utilizados para o atordamento para o gando porcino deberán cumprir:**

- a. Amperaxe mínima de 1,40 A
- b. Voltaxe entre 220–300 voltios e 2 segundos de aplicación
- c. Voltaxe entre 320–390 voltios e 5 segundos de aplicación
- d. Amperaxe de 1,30 e voltaxe de 200 voltios.

**28. Recoméndase que no gando porcino o desangrado se realice:**

- a. Seccionando os vasos profundos preto do corazón
- b. Completamente antes dos 30 segundos
- c. Co animal totalmente insensibilizado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

**29. O intervalo entre o atordamento e o sangrado no gando porcino non debe exceder de:**

- a. 20 segundos
- b. 15 segundos
- c. 25 segundos
- d. 350 segundos.

30. Un exceso de estrés previo ou durante o sacrificio pode provocar no gando porcino carnes:

- a. DFD
- b. PSE
- c. RFD
- d. FSE

31. Unha vez sacrificado o porco é necesaria unha análise de:

- a. IBR
- b. BVD
- c. Triquina
- d. Listeripse.

32. As mostras recomendadas para realizar a análise de triquina obteranse de:

- a. Lingua e aneis traqueais
- b. Músculos intercostais e diafragma
- c. Fociño
- d. Son correctas as respostas “a” e “b”.

33. A temperatura mínima para esterilizar coitelos durante a matanza será de:

- a. 50 graos centígrados
- b. 80 graos centígrados
- c. 82 graos centígrados
- d. 90 graos centígrados.

34. É unha transferencia indirecta (contaminación) que se debe evitar durante as matanzas domiciliarias do porco:

- a. Feces do animal
- b. Roupa dos operarios
- c. Coitelos e equipos
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

35. Nun animal atordado:

- a. Diminúe a presión sanguínea
- b. Aumenta a presión sanguínea
- c. Aumenta a posibilidade de hemorraxias musculares
- d. Son correctas as respostas “b” e “c”.

36. Os ataques epilépticos prodúcense con maior frecuencia durante o:

- a. Atordamento con pistola de caravilla perforadora cativa
- b. Atordamento por contusión
- c. Atordamento eléctrico
- d. Non se producen nunca durante o atordamento.

# EUTANASIA

1. O método para eutanasiar un animal dependerá de:

- a. Especie e raza
- b. Tamaño e idade
- c. Destreza do operario
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

2. O operario que realice unha eutanasia deberá:

- a. Facela en condicións de máxima privacidade
- b. Ser competente e experimentado
- c. Estar psicoloxicamente preparado
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

3. Segundo a normativa a morte humanitaria dos animais domésticos para obter alimentos denomínase:

- a. Matanza
- b. “Halal” para os musulmáns
- c. Sacrificio
- d. Todas as respostas son correctas.

4. A dor divídese en categorías:

- a. Discriminativa–sensorial
- b. Emotiva–afectiva
- c. As dúas respostas anteriores son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

5. Son signos de sufrimento ou estrés:

- a. Vocalización de angustia
- b. Salivación e arquexo
- c. Taquicardia e erección do pelo
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

6. Son criterios para a elección da eutanasia:

- a. Enfermidades incurables con grave padecemento
- b. Sufrimento permanente unicamente
- c. Enfermidades con risco epidemiolóxico grave unicamente
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

7. Os axentes eutanásicos actúan a través de :

- a. Hipoxia
- b. Depresión de neuronas para a función vital
- c. Danos físicos ao tecido cerebral
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

8. Un eutanásico ideal debería ser:

- a. Doloroso
- b. Ineficaz
- c. Rápido
- d. Inseguro.

9. Son anestésicos inhalatorios:

- a. O<sub>2</sub>
- b. Hidróxeno
- c. Amoníaco
- d. Halotano.

10. Son inconvenientes dos anestésicos inhalatorios:

- a. Caros
- b. Poden ser inflamables
- c. Poden irritar as vías respiratorias dos animais
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

11. Os axentes químicos máis empregados para o sacrificio dos animais son:

- a. Derivados do oxíxeno
- b. Derivados do halotano
- c. Derivados do ácido barbitúrico
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

12. O T61 contén:

- a. Un anestésico local
- b. Un hipnótico
- c. Un axente curariforme
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

13. A electrocución e a irradiación con microondas son:

- a. Métodos físicos de eutanasia
- b. Aconsellados para animais de compañía
- c. Moi utilizados para animais de experimentación
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

14. A pistola de caravilla perforadora cativa recoméndase para:

- a. Ruminantes
- b. Équidos unicamente
- c. Porcino unicamente
- d. Animais de peletería unicamente.

15. A pistola de caravilla perforadora cativa usada no gando ovino/caprino débese colocar:

- a. Detrás da base dos cornos en dirección lateral
- b. Detrás da base dos cornos en dirección á boca
- c. Detrás da orella
- d. Non é recomendable a súa utilización en pequenos ruminantes.

16. A concusión é recomendable en:

- a. Coellos
- b. Ratas
- c. Aves e anfibios
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

17. Son signos dun atordamento eficaz:

- a. Opistótonos
- b. Espasmos
- c. Flaccidez muscular
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

18. Non son métodos aceptables para inducir a eutanasia:

- a. Descompresión / baleiro de aire
- b. Hipertermia
- c. Afogamento
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

19. Non son métodos aceptables para inducir a eutanasia:

- a. Nicotina
- b. Éter
- c. Curariformes
- d. Todas as respostas anteriores son correctas.

20. Os peixes e animais de peletería sacrifícanse:

- a. En matadoiros especializados
- b. Na propia explotación
- c. En ambos dous lugares indistintamente
- d. Con calquera método.

21. En España ou Galicia na matanza de visóns o método máis usado é:

- a. CO<sub>2</sub>
- b. CO producido por motor de combustión
- c. Bala cativa
- d. Electricidade.

22. Son problemas do BA na utilización de pistola de caravilla perforadora cativa para o sacrificio:

- a. Atordamento eficaz
- b. Posible recuperación do coñecemento
- c. Ambas as dúas respostas son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

23. Son problemas do BA na utilización de electricidade para o sacrificio:

- a. Aparición da dor
- b. Atordamento ineficaz
- c. As respostas anteriores son correctas
- d. Todas as respostas anteriores son incorrectas.

24. As diferentes formas de matanza e atordamento a nivel europeo considéranse no regulamento (CE)

- a. N° 1099/2009
- b. N° 1020/2009
- c. N° 1021/2010
- d. N° 1020/2010

25. A corrente mínima para o atordamento de porcinos é de:

- a. 1,20 amperios
- b. 1,10 amperios
- c. 2,05 amperios
- d. 1,30 amperios.

26. O mecanismo de bala cativa non penetrante utilizado en ruminantes só está permitido para animais de peso:

- a. Menor de 10 kg
- b. Menor de 15 kg
- c. Menor de 12 kg
- d. Menor de 20 kg.

27. Son indicadores fisiolóxicos do estrés:

- a. Cambios na temperatura corporal
- b. Cambios na frecuencia cardíaca
- c. Aumento da mortalidade
- d. Son correctas as respostas 1 e 2.

galicia



XUNTA  
DE GALICIA